



HTCO



MÁSTER EN VALORACIÓN,  
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO  
PATRIMONIO CULTURAL

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN  
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL  
SESIÓN ORDINARIA DO 15 DE NOVEMBRO DE 2017**

**A C T A**

Ás 18:30 horas do día indicado, reúnen-se na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

**Asistentes (5):**

Belén Riveiro Rodríguez, Mercedes Solla Carracelas, Elena de Uña Álvarez, Fermín Pérez Losada e Adolfo Fernández Fernández.

**Ausentes (1):** Natalia Caparrini Marín.

**ORDE DO DÍA:**

**1. Aprobación, se procede da acta da CAM precedente.**

Aprobada por asentimento

**2. Informe do Coordinador**


O coordinador informa que foi entregada a memoria do título á ANECA. Chegaron unha serie de modificacións que foron incorporadas á memoria polo que parece que todo está correcto.

Propúxose a Elena de Uña ser a coordinador do módulo 4. Elena declinou a oferta dado que xa ten outros cargos polo que se lle solicitou a Beatriz Comendador, quen aceptou coordinar este módulo, en principio, durante este curso.

**3. Informe favorable, se procede, de 1 solicitude de matrícula a Tempo Parcial.**

O alumno Claus Seara Erlewein solicita mediante instancia a matrícula parcial para unha serie de materias (véxase documento adxunto) aducindo a súa situación familiar e laboral.

Infórmase favorablemente por asentimento

Adobe Acrobat  
DocumentAdobe Acrobat  
Document

#### **4. Informe favorable, se procede, de solicitudes (4) de convalidación de Prácticas e doutras materias do Máster.**

O coordinador informa das solicitudes recibidas (docs. Anexos) para o recoñecemento de prácticas e doutras materias. Son as seguintes:

- Begoña Cádiz Rilo solicita o recoñecemento dunha serie de materias cursadas no máster en Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais. Tamén solicita recoñecemento das prácticas e solicita convalidación de TFM. Desde a coordinación xa se lle indicou que neste último caso non será posible por normativa específica da UVigo (doc. Anexo).
- Diego Torres Iglesias solicita recoñecemento dunha materia cursada no máster en Arqueoloxía e Ciencias da antigüidade. A profa. Mercedes Solla, responsable da materia emite informe favorable.
- Eleonora Giunchi solicita o recoñecemento das prácticas.
- Óscar A. Guevara Guevara solicita o recoñecemento das prácticas. O responsable das prácticas emite informe favorable a esta solicitude.

Apróbanse por asentimento todas as solicitudes coa excepción sinalada do TFM da alumna Begoña Cádiz Rilo.

Adobe Acrobat  
DocumentAdobe Acrobat  
DocumentAdobe Acrobat  
DocumentAdobe Acrobat  
DocumentAdobe Acrobat  
DocumentAdobe Acrobat  
Document

#### **5. Asuntos económicos: informe de execución de gasto do exercicio 2017 e propostas/criterios para a execución do orzamento 2018.**

O coordinador informa que todo o diñeiro dispoñible executouse para pagar ao profesorado que tiña docencia no primeiro cuadrimestre de 2017/18. Pagáronse unhas cantidades para axustar o gasto polo que queda pendente para o ano que ven certas cantidades que serán cargadas ao vindeiro orzamento. Axúntase execución do orzamento 2016/17.

Infórmase do cambio de contías no pago das horas A, B y C. Non supón un cambio significativo no total do pagamento por materia completa, que ascende a 957€. Queda



polo tanto gastada a totalidade do orzamento do ano 2017. No referente ao orzamento de 2018, o coordinador informa que chegou un total de 8.911,96€, o que supón unha rebaixa de 100€ con respecto ao ano pasado. Fíxose unha distribución en partidas que poden ser modificadas se fose necesario. Deste diñeiro hai que asumir os gastos de profesorado do segundo cuadrimestre deste curso e do primeiro cuadrimestre do vindeiro. O coordinador apunta que resulta difícil poder establecer agora este gasto xa que aínda non esta estipulado o profesorado que non figura en POD. Axúntase orzamento 2017/18 e gastos profesorado 2017/18.

Tamén se informa que se reservou unha cantidade para propaganda e comunicación para promocionar o máster, unha cantidade aínda sen afinar. Para bolsas, este ano a cantidade asignada ascende a 1.400€ distribuídas en 2 bolsas de 700€ para axuda de desprazamento de prácticas.

Belén Riveiro propón, como medida de difusión do máster, comprar *likes* en facebook de xeito que a xente con perfís en facebook ás que lle podería interesar a nosa temática recibiría información directa sobre o máster.

Quedouse de abordar o tema da publicidade máis adiante., aprobándose as contas por asentimento.



Adobe Acrobat  
Document



Adobe Acrobat  
Document



Adobe Acrobat  
Document

## **6. Asunto materia TFM: aprobación de solicitudes (8) de convocatoria adelantada; aprobación de solicitudes (2) de nova titoración/título TFM; nomeamento e asignación de tribunais para a convocatoria adelantada; criterios de composición e nomeamento de tribunais para as convocatorias ordinarias 2018.**

6.1. O coordinador informa que se presentaron 8 solicitudes de defensa de TFM para a convocatoria adelantada (docs. Anexos). Amais, dous de elas (Lorena Constela e Óscar Guevara Guevara) solicitan cambio de título e/ou titor (docs. Anexos). Non existe ningún atranco con estas solicitudes polo que é necesario nomear tribunais para a súa defensa. Desde a coordinación proponse continuar cos tribunais xa existentes das convocatorias pasadas levando a cabo unha distribución dos TFM entre os 3 tribunais (véxase documento adxunto).

Queda aprobado provisionalmente esta proposta de tribunais e TFM.



6.2. O coordinador informa que temos que propor e aprobar os novos tribunais para o vindeiro curso. A proposta é que todo o profesora poida participar, sendo necesario a conformación de 4 tribunais para poder facer fronte a posibilidade de ter, ata un máximo, de 32 TFM. Proponse realizar un sorteo para escoller 3 profesores para cada tribunal e 1 suplente, excluindo do sorteo a aqueles profesores con pouca participación no máster. Cada membro da CAM irá dicindo 3 números que serán identificados con cadanseu profesor polo coordinador. Da comezo o sorteo cos números para titulares: Belén Riveiro (15, 18 e 11); Adolfo Fernández (22, 21 e 20); Mercedes Solla (3, 7 e 19); Elena de Uña (2, 14 e 16). Para suplentes: Belén Riveiro (6); Adolfo Fernández (1); Mercedes Solla (4); Elena de Uña (8).


O resultado do sorteo é o seguinte:

TITULARES: Vázquez Mato, Martin; Vaquero Díaz, Beatriz; Ricoy Casas, Rosa; Pérez Rodríguez, Fco. Javier; López Díaz, María; Laguela, Susana; Fernández Fernández, Adolfo; Comendador Rey, Beatriz; Castro, Belén; Caparrini, Natalia; Barriocanal, Yolanda; Armesto, Julia.

SUPLENTES: Vilas, Diana; Solla, Mercedes; Riveiro, Belén, Puente, Iván.


Proponse pagar aos externos que participen nos tribunais.

Apróbanse os membros dos tribunais e a proposta de pagamento aos externos que fosen elixidos.




## 7. Rogos e preguntas

Non hai. Levántase sesión a las 20:00



HTCO



MÁSTER EN VALORACIÓN,  
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO  
PATRIMONIO CULTURAL

Ourense, a 16 de novembro de 2017

O Coordinador

Asdo. Fermín Pérez Losada

O Secretario

Asdo. Adolfo Fernández Fernández

#### DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 18/01/2018.

O Secretario,

Adolfo Fernández Fernández